

# A LVZ DE LVPO

28 DE MARZO  
1 DE MAIO

FUNDACION  
LUIS SEOANE  
A CORUÑA

## A LVZ DE LVPO

O Concello de A Coruña a través da Consellería de Asuntos Sociais, a Fundación Luis Seoane e o Colexio de Arquitectos de A Coruña invitaos á presentación da exposición A Luz de Lupo que terá lugar o próximo día 28 de Marzo na Fundación Luis Seoane de A Coruña ás 20:00 horas.

*A Luz de Lupo* é un posicionamento dende a arquitectura en favor da candidatura da Torre de Hércules a patrimonio da Humanidade.

O primeiro paso no achegamento ao coñecemento da torre, é a súa concepción constructiva, a estrutura en forma de cruz atribuída ao arquitecto romano Gaio Sevio Lupo permitiu a pervivencia do faro ate os nosos días.

Para axudar a difundir o coñecemento sobre los valores arquitectónicos da torre plantexouse unha experiencia a diferentes escalas que permite interpretar e incluso intervir sobre a estrutura romana. O proceso plantexase en tres etapas.

1. Construcción da estrutura romana a escala 1/5
2. Construcción dunha planta a escala 1/2
3. Taller didáctico.

O material utilizado para todo este proceso didáctico é o popular "porexpan", as caixas de pescado foron rescatadas do porto da Coruña para, tras un proceso de descontextualización convertirse en material de construción. Unha mostra fotográfica fai un seguimento das caixas dende o ambiente industrial da lonxa coruñesa pasando pola prefabricación no museo e a súa construción definitiva nun lugar tan simbólico e institucional como é a escaleira de honra do pazo de Maria Pita.

A partir deste momento "A luz de Lupo" revivirá a propia historia da torre, e ao igual que a orixinal serviu de canteira durante séculos para diferentes construcións da cidade, tamén este prototipo foi desmontado para que resurxa revisado e actualizado en diferentes centros cívicos e museos da cidade.

Fermin González Blanco. Arquitecto  
Alex del Río. Fotógrafo